




No ano 2006 sete empresas desenvolvían actividade no sector galego da distribución de cine e vídeo, que facturaron máis de 14,5 millóns de euros e deron emprego a 54 traballadores.

Datos económicos da rama de distribución audiovisual en Galicia


	Distribución	Total do sector	Distribución/Total
Facturación	14.556.615,95	221.629.534,29	6,57%
Resultado	582.497,54	-71.562.010,86	-
Emprego	54,00	2.768,63	1,95%
N.º de empresas	7	412	1,70%
Facturación por empresa	2.079.516,56	534.199,52	389,28%
Facturación por empregado	269.566,96	80.166,66	336,26%
Resultado por empresa	83.213,93	-185.876,19	n.d.
Resultado por empregado	10.786,99	-27.894,21	n.d.
Cadro medio das empresas	7,71	6,66	115,77%

- A ausencia dunha estratexia de venda e promoción na maior parte das producións significa a **inexistencia mediática** da produción audiovisual galega e o seu **descoñecemento polo público en xeral**.
- Nos últimos tempos, son os **grandes estudos os propietarios de numerosos multicines** abertos en centros comerciais, polo que as producións que se proxectan nesas salas se limitan ao catálogo do estudio correspondente.
- O 57,14% das empresas galegas que teñen como actividade principal a distribución de cine ou de vídeo están **localizadas na provincia de Pontevedra**.
- A **variación do total do volume de negocio** das empresas deste sector en 2006 experimentou un incremento do 83,41% sobre o 2000.
- Do mesmo xeito, a **variación do emprego xerado** é dun 92,86% desde o cambio de milenio.
- Esta rama de actividade presenta no 2006 **unha das rendibilidade económicas máis elevadas do sector audiovisual galego**, cun 7,37%.

Personas según a frecuencia do hábito de utilizar o vídeo (%). 2006-2007.



Distribución provincial das empresas galegas de distribución audiovisual. 2006.



Evolución da facturación das empresas galegas de distribución audiovisual. 1996-2006.

